En relación coa puntuación das epígrafes 6.1 e 6.3 non se baremarán publicacións que constitúan programación didáctica, temarios de oposicións, traballos de materias de carreira, máster ou doutoramento, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión. Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións. Aplicaranse os criterios de valoración establecidos pola Comisión de Avaliación do concurso de traslados convocado pola Orde do 8 de novembro de 2010.

Disposición complementaria oitava

As actividades realizadas a partir de 23 de maio de 2013, relacionadas nos artigos 32 a 40 da Orde do 14 de maio de 2013, pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro de actividades de formación permanente do profesorado, para que sexan baremables no concurso de traslados deberán estar debidamente rexistradas no Rexistro Xeral das Actividades de Formación do Profesorado.

ANEXO XVIII

Baremo de prioridades na adxudicación de destinos por medio de concurso de traslados no corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa e corpo de inspectores de educación

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
1. Antigüidade.		
1.1. Por cada ano de permanencia ininterrompida, como persoal funcionario de carreira con destino definitivo, no mesmo cadro de persoal provincial ou, se é o caso, das unidades territoriais en que estea organizada a inspección educativa.		
Polo primeiro e segundo ano: A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo	2,0000 puntos por ano	Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivesen desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
Polo terceiro ano: A fracción de ano computarase a razón de 0,3333 puntos por cada mes completo.	4,0000 puntos	
Polo cuarto ano e seguintes: A fracción de ano computarase a razón de 0,5000 puntos por cada mes completo	6,0000 puntos por ano	
No caso do persoal funcionario obrigado a concursar por perder o seu destino definitivo en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, por provir da situación de excedencia forzosa ou por supresión expresa con carácter definitivo da súa praza, considerarase como posto desde o que participa, para os fins de determinar os servizos a que se refire esta subepígrafe, o último servido con carácter		

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
<p>definitivo, ao que se acumularán, se é o caso, os prestados provisionalmente, con posterioridade, en calquera posto de inspección educativa. Igualmente, os mesmos criterios serán de aplicación ao persoal funcionario que participe desde o destino adxudicado en cumprimento de sanción disciplinaria, de traslados forzosos, con cambio de localidade de destino.</p>		
<p>1.2. Por cada ano como persoal funcionario de carreira en situación de provisionalidade.</p> <p>A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.</p> <p>Cando este persoal participe por primeira vez con carácter voluntario desde o seu primeiro destino definitivo obtido por concurso, á puntuación correspondente á epígrafe 1.1 sumaráselle a obtida por esta epígrafe.</p>	2,000 puntos	Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.3. Antigüidade no corpo.		
<p>1.3.1. Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario de carreira no corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa ou no corpo de inspectores de educación:</p> <p>As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.</p> <p>Para os efectos de determinar a antigüidade nestes corpos recoñeceranse os servizos efectivos prestados como persoal funcionario de carreira nos corpos de inspectores de orixe e os prestados desde a data de acceso como docentes á función inspectora de conformidade coa disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.</p>	2,000 puntos	Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
<p>1.3.2. Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario noutros corpos docentes a que se refire LOE.</p> <p>As fraccións de ano computaranse a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo.</p>	1,000 punto	
<p>Os servizos aludidos na subepígrafe 1.3.2 non serán tidos en conta nos anos en que fosen simultáneos cos servizos das epígrafes 1.1 ou 1.2.</p> <p>Para os efectos previstos nas subepígrafes 1.1, 1.2, 1.3.1 e 1.3.2, serán computados os servizos que se prestaron na situación de servizos especiais, expresamente declarados como tales nos apartados previstos no artigo 87 do TREBEP aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, así como as situacións de idéntica natureza establecidas por disposicións anteriores á citada lei. Igualmente, serán computados, para estes fins, o tempo de excedencia por coidado de familiares declarada de acordo co artigo 89.4 do citado TREBEP, que non poderá exceder os tres anos.</p>		
2. Méritos académicos:	Máximo 10 puntos	

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
Para os efectos da súa valoración por este apartado, unicamente teranse en conta os títulos con validez oficial no Estado español. (Ver disposición complementaria segunda).		
2.1. Doutoramento, posgraos e premios extraordinarios:		
2.1.1. Por posuír o título de doutoramento	5,0000 puntos	Título ou certificación do pago dos dereitos de expedición do título ou certificado supletorio da titulación expedida de acordo co previsto, se é o caso, na Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo) ou na Orde do 13 de agosto de 2007 (BOE do 21 de agosto) ou no Real Decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE do 6 de agosto).
2.1.2. Polo título universitario oficial de máster, distinto do requirido para o ingreso á función pública docente, para cuxa obtención se esixisen, polo menos, 60 créditos:	3,0000 puntos	
2.1.3. Polo recoñecemento de suficiencia investigadora ou o certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados. Este mérito só se valorará cando non se alegue a posesión do título de doutoramento.	2,0000 puntos	Certificado-diploma correspondente.
2.1.4. Por obter premio extraordinario no doutoramento, na licenciatura ou grao.	1,0000 punto	Documentación xustificativa.
2.2. Outras titulacións universitarias: As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as esixidas con carácter xeral para o ingreso no corpo desde o cal se concursa ou para o acceso, no seu día, aos postos de inspección educativa valoraranse da forma seguinte:		
2.2.1. Titulacións de grao: Polo título universitario oficial de grao ou equivalente.	5,0000 puntos	A mesma documentación xustificativa que se indica para xustificar os méritos da subepígrafe 2.1.1.
2.2.2. Titulacións de primeiro ciclo: Pola segunda e restantes diplomaturas, enxeñerías técnicas, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñería. Por esta subepígrafe non se valorarán en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que fose necesario superar para a obtención do primeiro título de licenciatura, enxeñería ou arquitectura que se presente. Non se valorarán os primeiros ciclos que permiten a obtención doutras titulacións académicas de ciclo longo que se aleguen como méritos.	3,0000 puntos	Todos os títulos que se posúan ou certificado do pago dos dereitos de expedición expedida de acordo co previsto na Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo). Para a valoración dos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñería, certificación académica de todos os títulos ou ciclos que se posúan, onde conste de forma expresa que se superaron todas as materias ou créditos conducentes para a obtención dos devanditos títulos ou ciclos.

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
<p>2.2.3. Titulacións de segundo ciclo:</p> <p>Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñerías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes:</p> <p>Por esta subepígrafe, non se valorarán, en ningún caso, os estudos desta natureza que fose necesario superar (primeiro ciclo, segundo ciclo, ou, se é o caso, ensinanzas complementarios), para a obtención do primeiro título de licenciatura, enxeñería ou arquitectura que se presente.</p> <p>No caso de titulacións de só segundo ciclo e os títulos declarados equivalentes para todos os efectos ao título universitario de licenciado, unicamente se valorarán como un segundo ciclo.</p>	3,0000 puntos	
<p>2.3. Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional:</p> <p>As titulacións de ensinanzas de réxime especial outorgadas polas escolas oficiais de idiomas, conservatorios profesionais e superiores de música e danza e escolas de arte, así como as da formación profesional específica, caso de non ser as esixidas como requisito para o ingreso na función pública docente ou, se é o caso, que non sexan necesarias para a obtención do título alegado, valoraranse da forma seguinte:</p>		
a) Por cada certificado de nivel C2 do Consello de Europa:	4,0000 puntos	<p>Para valorar os certificados das escolas oficiais de idiomas e título profesional de música ou danza</p> <p>Título que se posúa ou, se é o caso, certificación acreditativa da expedición do devandito título ou certificación acreditativa de superar os estudos conducentes a súa obtención, xunto coa documentación acreditativa de ter pagados os dereitos de expedición.</p>
b) Por cada certificado de nivel C1 do Consello de Europa:	3,0000 puntos	
c) Por cada certificado de nivel B2 do Consello de Europa:	2,0000 puntos	
d) Por cada certificado de nivel B1 do Consello de Europa:	1,0000 punto	
Cando cumpra valorar as certificacións sinaladas nos puntos anteriores só se considerará a de nivel superior que presente o persoal participante.		
e) Por cada título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño, técnico Deportivo superior ou técnico superior de Formación Profesional ou equivalente.	2,0000 puntos	
f) Por cada título profesional de Música ou Danza:	1,5000 puntos	
3. Formación e perfeccionamento.	Máximo 10 puntos	
<p>3.1. Actividades de formación superadas:</p> <p>Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento na función inspectora ou coaspectos relacionados coa organización escolar ou co ensino, organizados polo Ministerio de Educación, as administracións educativas das comunidades autónomas, por institucións sen ánimo de lucro sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas</p>	Ata 6,0000 puntos	<p>Certificado expedido pola entidade organizadora no que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais acreditar de forma fidedigna o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa</p>

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
<p>administracións educativas, así como as organizadas polas universidades.</p> <p>Puntuaranse con 0,1000 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuarán o resto de número de horas inferiores a 10. Cando as actividades viñesen expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.</p>		<p>correspondente, ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.</p>
<p>3.2. Pola impartición, dirección ou coordinación de actividades de formación que teñan por obxecto o perfeccionamento na función inspectora ou cos aspectos relacionados coa organización escolar ou co ensino organizados polo Ministerio de Educación, as administracións educativas das comunidades autónomas, por institucións sen ánimo de lucro sempre que fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como polas organizadas polas universidades.</p> <p>Puntuarase con 0,1000 puntos por cada 3 horas de actividade de formación acreditada. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuarán o resto de número de horas inferiores a 3. Cando as actividades viñesen expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.</p>	<p>Ata 4,0000 puntos</p>	<p>Certificado ou documento acreditativo da impartición en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais acreditar de forma fidedigna o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente, ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.</p>
<p>4. Outros méritos:</p>	<p>Máximo 20 puntos</p>	
<p>4.1. Publicacións.</p> <p>Por publicacións de carácter didáctico e científico directamente relacionadas co ensino.</p> <p>Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o editor destas.</p> <p>Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos indicados nestas epígrafes coas esixencias que así se indican.</p> <p>Puntuación específica asignable aos méritos baremables por esta epígrafe:</p> <p>a) Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):</p> <ul style="list-style-type: none"> – Autor ata 1,000 punto – Coautor ata 0,5000 puntos – 3 autores..... ata 0,4000 puntos – 4 autores ata 0,3000 puntos – 5 autores ata 0,2000 puntos – Máis de 5 autores ata 0,1000 puntos. 	<p>Máximo 5,0000 puntos</p>	<p>– No caso de libros, a seguinte documentación:</p> <p>* portada e contraportada do libro, certificado da editorial onde conste o título do libro, persoas autoras, ISBN, depósito legal e data da primeira edición, número de exemplares e que a difusión destes foi en librerías comerciais.</p> <p>* En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades(públicas-privadas) que non se difundiron en librerías comerciais: portada e contraportada do libro, título do libro, persoas autoras, data da primeira edición, número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de docentes, institucións culturais, etc.).</p> <p>Para o caso de que a editorial ou asociación desaparecese, os datos requiridos neste certificado haberán de xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.</p> <p>– No caso de revistas, a seguinte documentación:</p>

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
<p>b) Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):</p> <p>– Autor ata 0,2000 puntos</p> <p>– Coautor ata 0,1000 puntos</p> <p>– 3 ou máis autores ata 0,0500 puntos.</p>		<p>* portada e contraportada da revista, certificado no que conste o número de exemplares, lugares de distribución e venda, asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, á que pertence a revista, título da publicación, persoas autoras, ISSN o ISMN, depósito legal e data de edición.</p> <p>En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais: certificado onde conste o título da revista, persoas autoras, data da primeira edición, número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de docentes, institucións culturais, etc.).</p> <p>Para o caso de publicacións soamente en formato electrónico, presentárase un informe no que o organismo emisor certifique que a publicación aparece na correspondente base de datos bibliográfica. Neste documento indicárase a base de datos, o título da publicación, as persoas autoras, o ano e a URL.</p>
4.2. Valoración do traballo desenvolvido. (Véase a disposición complementaria terceira)	Máximo 10 puntos	
<p>4.2.1. Por cada ano de servizo en postos de subdirector/a xeneral da Inspección de Educación, inspector/a xeneral ou inspector/a xefe da Inspección Central de Educación Básica, de Bacharelato ou Ensino Media do Estado, coordinador/a xeneral de Formación Profesional, ou en postos equivalentes dependentes doutras administracións educativas.</p> <p>A fracción de ano computárase a razón de 0,1250 puntos por cada mes completo.</p>	1,5000 puntos	
<p>4.2.2. Por cada ano de servizo en postos de Inspector/a central, inspector/a central de Educación Básica, Bacharelato ou Ensino Media do Estado, ou coordinador/a central de Formación Profesional, secretario/a ou administrador/a de a Inspección Central, inspector/a de a Subdirección Xeral da Inspección de Educación, ou en postos equivalentes dependentes doutras administracións educativas.</p> <p>As fraccións de ano computárase a razón de 0,0830 puntos por cada mes completo.</p>	1,0000 punto	Nomeamento expedido pola Administración educativa competente con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación en que conste que á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes se continúa no cargo.
<p>4.2.3. Por cada ano de servizo en postos de inspector xefe/a provincial de Educación Básica ou inspector/a xefe/a de distrito de Bacharelato ou Ensino Media do Estado ou coordinador/a xefe/ a provincial de Formación Profesional, ou xefe/a de servizo provincial</p>	0,7500 puntos	

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
de Inspección Técnica de Educación, xefe/a de división, ou en postos equivalentes dependentes doutras administracións educativas. As fraccións de ano computarase a razón de 0,0620 puntos por cada mes completo.		
4.2.4. Por cada ano como inspector xefe/a de distrito, xefe/a adxunto/a, coordinador/a de equipos sectoriais, coordinador/a de demarcación, ou en postos equivalentes dependentes doutras administracións educativas. As fraccións de ano computarase a razón de 0,0410 puntos por cada mes completo.	0,5000 puntos	
4.2.5. Por cada ano de servizos desempeñando postos na Administración educativa de nivel de complemento de destino igual ou superior ao asignado ao corpo polo que participa sempre que sexan distintos dos enumerados nas subepígrafes 4.2.1 ao 4.2.4 deste anexo. As fraccións de ano computarase a razón de 0,0620 puntos por cada mes completo.	0,7500 puntos	
No caso de que se desempeñase simultaneamente máis dun cargo dos indicados nas subepígrafes 4.2.1 a 4.2.5, non poderá acumularse a puntuación, e valorarase o que puidese resultar máis vantaxoso para o concursante.		
4.3. Por ser persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas, de música e artes escénicas e de artes plásticas e deseño.	3,0000 puntos	Título administrativo ou da credencial ou, se é o caso, do boletín ou diario oficial en que apareza o seu nomeamento.

Disposición complementaria primeira.

Os méritos das persoas participantes deberán estar cumpridos ou recoñecidos na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes. Unicamente se valorará, polo tanto, os méritos que se posúan ata a finalización deste.

Disposición complementaria segunda. *Méritos académicos.*

1. Para poder obter puntuación por outras titulacións universitarias de carácter oficial, deberá presentarse cantos títulos se posúan, incluído o alegado para ingreso no corpo.

2. Nas subepígrafes do 2.1 só se valorará un título por cada un deles. Así mesmo, para os efectos do subepígrafe 2.1.2, cando se alegue o título de Doutoramento non se valorará o título de Máster oficial que constitúa un requisito de acceso ao doutoramento.

3. No que respecta a a baremación de titulacións de primeiro ciclo, non se entenderá como tal a superación dalgún dos cursos de adaptación. Para a valoración do epígrafe 2.2 non se considerarán como títulos distintos as diferentes mencións que se asenten nunha mesma titulación.

4. Os títulos universitarios obtidos no estranxeiro deberán estar homologados ou ter sido declarados equivalentes a titulación e nivel universitario oficial, de conformidade co establecido polo Real Decreto 967/2014, de 21 de novembro.

No caso de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria deberá atermarse ao Real Decreto 104/1988, de 29 de xaneiro, sobre homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria e demais normativa concordante e de desenvolvemento.

5. Non se baremarán polas epígrafes 2.1 e 2.2 as ensinanzas propias universitarias (títulos propios) que se expidan conforme ao artigo 36 do Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade e os estudos universitarios propios que sexan expedidos polas universidades no uso da súa autonomía.

6. Na epígrafe 3.2 non se valorarán as declaracións de correspondencia de títulos oficiais aos niveis do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior, emitidos ao abeiro do disposto no Real Decreto 967/2014, de 21 de novembro.

Disposición complementaria terceira.

En relación coa puntuación do apartado 4.1 non se baremarán publicacións que constitúan programacións didácticas, temarios de oposicións, traballos de materias de carreira, máster ou doutoramento, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión. Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións. Aplicaranse os criterios de valoración establecidos pola Comisión de Avaliación do concurso de traslados convocado pola Orde do 8 de novembro de 2010.

ANEXO XIX

Criterios de valoración das epígrafes 6.1, 6.2 e 6.3 do concurso de traslados

6.1. Publicacións: ata 8 puntos.

Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar.

Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro, ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas en que o autor/a sexa o seu editor/a.

Non se baremarán publicacións que constitúan programacións didácticas, temarios de oposicións, traballos de materias de carreira, máster ou doutoramento, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión.

Con carácter xeral valorarase exemplares publicados por unha empresa editorial ou organismos de prestixio que aseguren a aplicación de filtros de calidade.

Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións.

Puntuación específica que se poderá asignar aos méritos baremables por esta este epígrafe:

Recensións e colaboracións en revistas, libros, etc, así como a impresión de folletos, programas, etc:	
1 autor ou colaborador	0,025
2 autores ou colaboradores	0,0125
Mais de 2 autores ou colaboradores	0,00625
Tradución dunha revista:	
Autor	0,1
2 autores	0,05
Mais de 2 autores	0,025
Tradución ou ilustración dun libro	
1 tradutor ou ilustrador	0,5
2 tradutores ou ilustradores	0,25
3 tradutores ou ilustradores	0,166
4 tradutores ou ilustradores	0,125
5 tradutores ou ilustradores	0,1
Mais de 5 de tradutores	0,05
Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):	
Autor	0,2
2 autores	0,1
3 ou mais autores	0,05
Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):	
Autor	1
2 autores	0,5
3 autores	0,4
4 autores	0,3
5 autores	0,2
Máis de 5 autores	0,1

Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos coas esixencias que así se indican a continuación:

- No caso de libros, a seguinte documentación:

* Portada e contraportada do libro, certificado da editorial onde conste o título do libro, persoas autoras, ISBN, depósito legal e data da primeira edición, número de exemplares e que a difusión destes foi en librarías comerciais

En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades(públicas-privadas) que non se difundiron en librerías comerciais: portada e contraportada do libro, título do libro,

persoas autoras, data da primeira edición, número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de docentes, institucións culturais, etc.).

Para o caso de que a editorial ou asociación desaparecesen, os datos requiridos neste certificado haberán de xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.

- No caso de revistas, a seguinte documentación:

* Portada e contraportada da revista, certificado no que conste o número de exemplares, lugares de distribución e venda, asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, á que pertence a revista, título da publicación, persoas autoras, ISSN o ISMN, depósito legal e data de edición.

En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais: certificado onde conste o título da revista, persoas autoras, data da primeira edición, número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de docentes, institucións culturais, etc.).

No caso de publicacións soamente en formato electrónico, presentárase un informe no que o organismo emisor certifique que a publicación aparece na correspondente base de datos bibliográfica. Neste documento indícase a base de datos, o título da publicación, as persoas autoras, o ano e a URL.

6.2. Por premios de ámbito autonómico, nacional ou internacional convocados polo Ministerio de Educación ou polas administracións educativas das comunidades autónomas en proxectos de investigación ou innovación no ámbito da educación ou pola participación nestes proxectos: ata 2,5 puntos.

Neste apartado non se valorarán as actividades convocadas pola universidade.

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta epígrafe:

PREMIOS	1º	2º	3º	accésit
Puntuación	1	0,75	0,5	0,25

A participación nun proxecto de investigación ou innovación valorárase con 0,15 puntos.

No caso de premios compartidos, dividirase polo número de premiados (se non aparece no documento dividirase, polo menos, por catro).

Para a valoración destes premios e actividades deberánse presentar os documentos xustificativos coas esixencias que así se indican a seguir:

A acreditación xustificativa de ter obtido os premios correspondentes, expedida polas entidades convocantes, ou de ter participado nos proxectos de investigación ou innovación expedidos pola Administración educativa correspondente (non por centros docentes).

6.3. Méritos artísticos e literarios: ata 2,5 puntos.

- Por premios en exposicións ou en concursos ou en certames de ámbito autonómico, nacional ou internacional:

Con carácter xeral non se valorarán os premios convocados en ámbitos restrinxidos.

* Por premios en concursos ou en certames literarios de ámbito autonómico, nacional ou internacional:

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta epígrafe:

PREMIOS	1º	2º	3º	accésit
Puntuación	1	0,75	0,5	0,25

No caso de premios compartidos, dividirase polo número de premiados (se non aparece no documento dividirase, polo menos, por catro).

* Por premios en exposicións ou en concursos ou en certames artísticos:

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta epígrafe:

PREMIOS	1º	2º	3º	accésit
Internacionais	1,5	1	0,5	0,25
Nacionais	1	0,75	0,4	0,2
Autonómicos	0,5	0,25	0,10	0,05
Locais	0,25	0,15	0,05	0,025

No caso de premios compartidos, dividirase polo número de premiados (se non aparece no documento dividirase, polo menos, por catro).

Para valorar destes premios artísticos e literarios deberanse presentar os documentos xustificativos coas esixencias que así se indican a seguir:

Certificado da entidade que emite o premio, onde conste o nome da/s persoa/s premiada/s, o seu ámbito e a categoría do premio.

- Por composición estreadas como autor ou gravacións con depósito legal:

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta epígrafe:

Composicións ou gravacións:	
1 autor	1
coautor	0,5
3 autores	0,4
4 autores	0,3
5 autores	0,2

Máis de 5 autores	0,1
Gravacións:	
1 intérprete	0,5
2 intérpretes	0,25
3 intérpretes	0,166
4 intérpretes	0,125
5 intérpretes	0,1
Máis de 5 intérpretes	0,05

Cando unha obra é puntuada como composición non pode ser valorada como gravación. Si é compatible a puntuación de intérprete e autor.

Para a valoración destas composicións e gravacións deberanse presentar os documentos xustificativos coas esixencias que así se indican a seguir:

No caso das composicións: certificado ou documento acreditativo no que figure que é a persoa autora e o depósito legal desta. As alegacións valorados por esta epígrafe non se terán en conta na epígrafe 6.1.

No caso das gravacións: certificado ou documento acreditativo no que figure que é a persoa autora ou intérprete e o depósito legal desta.

- Concertos como director, solista, solista na orquestra ou en agrupacións camerísticas (dúos, tríos, cuartetos...)

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta apartado:

A/B/C	Director, solista, compositor. Protagonista	Participante en grupos de cámara ou similar (< 15 compoñentes). Actor secundario	Integrante de orquestras, bandas, coros, non de cámara. Actor de repartición / figuración
Repertorio sinfónica: coro, orquestra, banda. Obra de teatro de gran formato, zarzuela (<1,5 h de duración)	1 / 0,5 / 0,25	0,5 / 0,25 / 0,1	0,25 / 0,1 / 0,05
Outros xéneros: (flamenco, jazz, etc.) Pezas breves (0,5 – 1 h)	0,5 / 0,25 / 0,1	0,25 / 0,1 / 0,05	0,1 / 0,05 / 0,025
Música lixeira, rock, etc. Lectura dramatizada, recital de poemas, etc.	0,25 / 0,1 / 0,05	0,1 / 0,05 / 0,025	0,05 / 0,025 / 0,01

A: Primeira categoría: Concerto de importancia internacional.

B: Segunda categoría: Importancia nacional.

C: Terceira categoría: Importancia autonómica.

A puntuación dividirase polo número de directores e solistas.

Para a valoración destes concertos ou obras deberanse presentar os documentos xustificativos coas esixencias que así se indican a seguir:

No caso de concertos: programas onde conste a participación da persoa interesada e certificación da entidade organizadora, onde conste a realización do concerto e a participación como persoa directora, solista ou solista con orquestra/grupo.

No caso das obras: programas onde conste a participación da persoa interesada e da certificación da entidade organizadora, onde conste a realización da obra e a participación como protagonista, actor/actriz secundario/a ou actor/actriz de repartición/figuración.

- Por exposicións individuais ou colectivas:

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta epígrafe:

Exposición individual: 2,5 puntos	
Exposición de obra seleccionada en concursos (CERTIFICACIÓN):	
- Internacionais:	0,5
- Nacionais:	0,25
- Autonómicas:	0,125
Esta puntuación é incompatible con premios en exposicións.	
Exposición colectiva: =0,5/número de artistas	Mínimo: 0,025

Para a valoración destas exposicións deberanse presentar os documentos xustificativos coas esixencias que así se indican a seguir:

Programas onde conste a participación da persoa interesada e certificación da entidade organizadora.(museos, fundacións, administracións). Nos concursos, certificado onde se especifique a concesión deste.

ANEXO XX

Criterios de valoración da epígrafe 4.1 do concurso de traslados

4.1 Publicacións: ata 5 puntos.

Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar.

Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas que o autor/a sexa o seu editor/a.

Non se baremarán publicacións que constitúan programacións didácticas, temarios de oposicións, traballo de materias de carreira, máster ou doutoramento, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión.

Con carácter xeral valorase exemplares publicados por unha empresa editorial ou organismos de prestixio que aseguren a aplicación de filtros de calidade.

Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións.

Puntuación específica que se asignará aos méritos baremables por esta apartado:

Recensións e colaboracións en revistas, libros, etc, así como a impresión de folletos, programas, etc:	
1 autor ou colaborador	0,025
2 autores ou colaboradores	0,0125
Mais de 2 autores ou colaboradores	0,00625
Tradución dunha revista:	
Autor	0,1
2 autores	0,05
Mais de 2 autores	0,025
Tradución ou ilustración dun libro	
1 tradutor ou ilustrador	0,5
2 tradutores ou ilustradores	0,25
3 tradutores ou ilustradores	0,166
4 tradutores ou ilustradores	0,125
5 tradutores ou ilustradores	0,1
Mais de 5 de tradutores	0,05
Revistas nolos seus distintos formatos (papel ou electrónico):	
Autor	0,2
2 autores	0,1
3 ou mais autores	0,05
Libros nolos seus distintos formatos (papel ou electrónico):	
Autor	1
2 autores	0,5
3 autores	0,4
4 autores	0,3
5 autores	0,2
Máis de 5 autores	0,1

Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos coas esixencias que así se indican a continuación:

- No caso de libros, a seguinte documentación:

*Portada e contraportada do libro, certificado da editorial onde conste o título do libro, persoas autoras, ISBN, depósito legal e data da primeira edición, número de exemplares e que a difusión destes foi en librerías comerciais

En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades (públicas-privadas) que non se difundiron en librarías comerciais: portada e contraportada do libro, título do libro, persoas autoras, data da primeira edición, número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de docentes, institucións culturais, etc.).

Para o caso de que a editorial ou asociación desaparecese, os datos requiridos neste certificado haberán de xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.

- No caso de revistas, a seguinte documentación:

*Portada e contraportada da revista, certificado no que conste o número de exemplares, lugares de distribución e venda, asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, á que pertence a revista, título da publicación, persoas autoras, ISSN o ISMN, depósito legal e data de edición.

En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais: certificado onde conste o título da revista, persoas autoras, data da primeira edición, número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de docentes, institucións culturais, etc.).

Para o caso de publicacións soamente en formato electrónico, presentárase un informe no que o organismo emisor certifique que a publicación aparece na correspondente base de datos bibliográfica. Neste documento indícarase a base de datos, o título da publicación, as persoas autoras, o ano e a URL.